

## ANUNCIO

**En data 05/04/2023 ditouse a Resolución da Alcaldía que de seguido se transcribe:**

**ASUNTO:** FEIRA DO CABALO DO 23 DE ABRIL (2023)

**EXPEDIENTE:** 49/2023

**RESOLUCIÓN:** APERTURA DE PRAZO PARA A SOLICITUDE DE POSTOS.

## ANTECEDENTES

1. A Xunta de Goberno Local en sesión do 03/04/2023, acordou aprobar os prezos públicos para a instalación de postos de venda fora do recinto feiral co motivo da Feira do Cabalo do 23 de abril de 2023.
2. Os prezos públicos para a instalación de postos están expostos no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello <https://moeche.sedelectronica.gal/info.0>.
3. Co fin de que se poidan presentar as solicitudes para a instalación dos ditos postos.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

**Primeiro:** abrir o prazo de **10 días naturais** para a presentación de solicitudes, contados desde as **08:00 horas do día 06/04/2023 ata o 15/04/2023 inclusive**.

**Segundo:** as solicitudes presentaranse pola sede electrónica do Concello de Moeche <https://moeche.sedelectronica.gal/info.0>, ou presencialmente no rexistro xeral, mediante unha solicitude xeral, indicando o espazo que solicita (segundo o indicado no plano de situación dos prezos públicos), metros e descrición da actividade (bar, polbería, furgóns de comida, guarnicionería, artesanía, roupa e outros postos non habituais).

**Terceiro:** as solicitudes serán atendidas por orde de recepción. Unha vez confirmada, e non antes, a aceptación por parte do concello deberán de presentar a documentación requirida e xustificante bancario do pagamento para que sexa confirmado o posto.

**Cuarto:** publicar o anuncio desta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Moeche, ( na data da sinatura dixital)

A alcaldesa

Beatriz Bascoy Maceiras

